

CARBALLO A UN PASO

COSTA DA MORTE



GUÍA XERAL



FEADER
Europa inviste no rural

FEADER



GOBIERNO
DE ESPAÑA



MINISTERIO
DE AGRICULTURA, ALIMENTACION
Y MEDIO AMBIENTE



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL



agader
AXENCIA GALEGA DE
DESENVOLVEMENTO RURAL



CRÉDITOS

Edita: Concello de Carballo

Textos: Belén Puñal

Fotografía: Distrito Xermar,
Oti Fernández, Eduardo Martínez

Deseño: Item-Aga

D.L.: C 1070-2013



CARBALLO

Dá o paso e achégate a Carballo. A un paso da Coruña e de Santiago de Compostela, porta da Costa da Morte, Carballo é unha vila dinámica e chea de vida, ancorada nas acolledoras terras dos vales de Bergantiños e batida polo Atlántico máis bravío. Atoparás sen dúbida acougo nas súas paraxes naturais, como a lagoa de Baldaio, espazo protexido e Rede Natura, mais tamén toda a enerxía dunha das vilas máis grandes de Galicia, que ten motor nas súas animadas feiras e no vigor do seu pequeno comercio. Unha alternativa ao estrés da cidade mais con todos os servizos, e só a un paso dos confíns do mundo.



A UN PASO

O acceso por estrada é sinxelo. Dende A Coruña pola comarcal AC-552 ou pola autoestrada AG-55, á que tamén se pode acceder dende a A6. Dende Santiago de Compostela pola estrada AC-545, enlazando despois coa AC-1914, ou pola N-550, cara á Coruña, que deberás deixar en Ordes para coller a CL-4130 con destino a Carballo.

En avión, poderás achegarte até o aeroporto de Alvedro, na Coruña, ou ao aeroporto de Lavacolla, en Santiago de Compostela. En tren, até a estación de Renfe da Coruña ou de Santiago de Compostela.

CARBALLO
A UN PASO

CARBALLO NATURAL


A PAISAXE POLA
AUGA LABRADA

A COSTA DAS DÚAS ALMAS

Unha delas, animada, dinámica e concorrida. A outra, recollida, máxica e solitaria. O litoral de Carballo ten dúas almas, Razo e Baldaio, as dúas amplas e fermosas, unidas por un longo cordón umbilical que enfa varios quilómetros de dunas, brancas areas e amplos horizontes que morren no Atlántico.

En Razo atoparás todos os servizos e unha grande oferta de ocio. Mesmo o sol aproveita para resgardarse en fronte, tras as illas Sisargas, ao solpor. En Baldaio o mar penetra na terra para conformar a súa espectacular lagoa, espazo húmido de gran valor ecolóxico e único para a observación ornitolóxica, xa que son numerosas as aves que teñen alí parada.





SEGREDOS OCEÁNICOS

Moi preto de Baldaio atoparás a Pedra do Sal, praia de rocha e de area tamén integrada na Rede Natura. Hai no lugar un estreito caireiro que conduce ao porto pesqueiro de Caión pola parte alta da rocha, á beiriña do mar. Adéntrate nel e déixate sorprenden polas paisaxes, típicas da Costa da Morte. Poderás ver ao longo do camiño discretas e recollidas calas que se agochan entre os cantís e desaparecen coa marea alta. Cerca xa do concello da Laracha, encontrarás as praias de Montefonte, Arnela e Leira.

O CAMIÑO DAS FÉRVEDAS

Unha boa maneira de coñecer o Carballo interior é adentrarse no roteiro das férvedas, que discorre en parte por viais antiquísimos coñecidos polas xentes do lugar como camiños reais. A férveda de Entrecruces, que se lanza ao abismo a unha altura de 40 metros para partirse en dous sobre a rocha, e a de Rus, un chisco menos atrevida, saltan sobre un dos accidentes xeográficos máis importantes de Galicia: a Depresión Meridiana, fondeira que a atravesa de norte a sur, dende o litoral carballés até Tui.

CARBALLO PATRIMONIAL

DO CARBALLO
CENTENARIO...
AO CARBALLO DE FUTURO



ESPAAZO DE VIDA

Disque o nome de Carballo vén da árbore que estaba plantada á beira dunha antiga igrexa da parroquia de San Xoán. Aínda que esa árbore non se conserva, si contamos no concello con outro carballo de porte impresionante, o de Vilar de Francos, que ten xa varios centos de anos. Este exemplar está incluído no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras. Coñecido tamén como o carballo de San Antonio, atópase á beira dunha das máis importantes mostras de arquitectura civil do noso concello, o pazo de Vilar de Francos, na parroquia de Artes.



Di a lenda que as pedras do dolmen de Aldemunde foron traídas por una moura que, ao mesmo tempo que as cargaba, fiaba e aleitaba una crianza.



Situados en fértiles e produtivos vales, pazos como Vilar de Francos (na foto), As Pallas e O Souto, evocan o poderío das vellas liñaxes de marqueses e condes.



Crese que por riba da Ponte Lubiáns, que ten a unha beira o concello de Carballo e á outra o de Coristanco, pasaba a Per Loca Marítima, camiño que atravesaba a Gallaecia romana de sur a norte.



O barroco está presente en moitas das nosas igrexas. A máis importante, Santa María de Rus.

NACIDO DA AUGA

Lambida polo Atlántico e cruzada polo río Anllóns, Carballo medra e chega a ser o que é grazas á redescuberta das súas augas terapéuticas no século XVIII. Foi no 1716, hai case tres séculos, cando un veciño do lugar decidiu inspeccionar a zona da que vía emanar estraños vapores. O que atopou non foi o tesouro que agardaba, mais resultou ser outra fonte de riqueza para a vila: os restos duns antigos baños romanos dos que abrollaba auga con propiedades curativas. Malia a que os restos non se conservan, as augas seguen a ser foco de atracción para a vila.

CRUCE DE CAMIÑOS

Carballo é agora un importante cruce de camiños, mais probablemente fora xa, no mundo antigo, destacado lugar de paso. Crese que por Carballo pasaba a Per Loca Marítima, vía de comunicación que, en época romana, cruzaba toda Gallaecia, dende Braga a Astorga, pasando por Lugo. Os nosos baños termais servirían por aquel entón de lugar de repouso e descanso para as viaxeiras e os viaxeiros. Hai historiadores que consideran que Carballo puido ser Glandimiro, unha das vilas romanas que estaba situada ao carón da Per Loca.

CARBALLO ROTEIRO URBANO

UN PASEO POLA VILA DO
ANLLÓNS



O CORAZÓN DA VILA

A Praza de Galicia é o noso quilómetro 0. Dende ela poderás seguir camiño á Coruña, Fisterra, Malpica de Bergantiños ou Santiago de Compostela. No seu centro érguese o cruceiro construído no ano 1982 polo escultor Buciños, un dos renovadores da arte galega nos anos setenta. Pretiño atoparás unha fonte de catro canos, que data de cando á vila chegou a primeira traída de augas, no século XIX. Xa na rúa de Vázquez de Parga atoparás o Casino, da década dos 20, sede da primeira sociedade cultural e recreativa que se creou en Carballo.

A Praza do Concello é o noso centro neurálxico e lugar de ocio e encontro. A feira celébrase alí cada semana así como outros eventos culturais.





Poderás atopar nas nosas rúas as esculturas de artistas de renome como Bucíños, César Lombera, Francisco Pazos ou o carballés Manuel Facal.

AS ESENCIAS DE BERGANTIÑOS

Poderás comezar a coñecer as esencias da nosa comarca no Museo de Bergantiños, situado nun antigo cárcere. Á súa beira está a igrexa de San Xoán. Construída nos anos setenta, a tradicional forma de cruz latina das igrexas de antano nela é substituída pola forma de cuncha, que fai posible que o altar poida ser visible dende calquera punto do seu interior.

ALMA FEIRANTA

Non hai mellor sitio que o mercado para coñecer as nosas xentes e os nosos produtos. Está situado na praza do Concello, onde tamén se celebra a feira, á beira do xardín. Fíxate nas árbores de maior porte. Foron plantadas nos anos 20 do século pasado, época na que a vila se proxectaba fermosa e en expansión. Foi entón cando o medre de Carballo fixo preciso construír un ensanche na zona onde agora te encontras. Deses felices anos 20 é tamén a Escola do Xardín, que atoparás pretiño, agora convertida en ludoteca.

O BERCE DE ALFREDO BRAÑAS

A poucos pasos da praza do Concello, na rúa da Coruña, está a estatua do político e pensador Alfredo Brañas, xusto á beira da casa onde naceu. Brañas é coñecido por ser impulsor do rexionalismo no século XIX, un dos primeiros movementos políticos e culturais que reivindicou a identidade diferencial de Galicia.

A CARICIA DO RÍO ANLLÓNS

O bulicio da vila esmorece á beira do Anllóns, auténtica columna vertebral líquida da vila. As súas marxes foron recuperadas hai uns anos para o paseo e o lecer. Tres quilómetros de prazentoso percorrido, dun a outro cabo, entre bosques e vexetación de ribeira.

CARBALLO TURISMO ACTIVO

AVENTURA, DEPORTE,
ACCIÓN...
...E TAMÉN DESCANSO

INYECCIÓN DE ADRENALINA

Carballo é unha vila con bo músculo para o deporte e a diversión. O noso mar é idóneo para a práctica do surf, que che aprenderán nalgunha das escolas de Razo dedicadas á iniciación a este deporte. Tamén poderás coñecer os nosos fondos mariños practicando o submarinismo. Ademais, contamos con espazos para a práctica do golf, para descargar enerxías co paintball ou para atreverte con outras actividades como o tiro con arco ou a escalada.





PASIÑO A PASIÑO

De preferires leceres máis tranquilos, tes unha boa alternativa nas rutas a cabalo ou nos roteiros de sendeirismo ou en bicicleta. Son a mellor forma de coñecer a pé de terreo a nosa paisaxe costeira e interior.

REDE NATURA

Prestarache pasear polo litoral de Carballo. As e os carballeseos gozan completando os seus días de praia facendo a pé o percorrido entre Razo e Baldaio. Se tes afección pola pesca, poderás aproveitar para lanzar o anzol sobre as nosas revoltas ondas. Poderás coñecer mellor a lagoa de Baldaio co servizo de guía das súas mariscadoras, as persoas que mellor a coñecen. Dende o Observatorio Ornitolóxico, ou prestando atención na zona entre a lagoa e a marisma, sorprenderaste coa gran diversidade de aves que pululan pola zona.



CARBALLO SHOPPING

AS COUSAS BOAS... EN
COMERCIOS PEQUENOS



carballo³⁶
centro comercial aberto

ACERTA

Comprar en Carballo é comprar distinto: produto de calidade e próximo. Poderemos completar o noso día de compras nas numerosas e variadas tendas do centro urbano, unha ampla e atractiva rede de pequeno comercio que é en si un dos mellores reclamos da vila.



FEIREA

O domingo de feira a vila échese de bulicio, de xente que compra, vende e recupera folgos comendo unha boa tapiña de callos acompañada cuns grolíños de viño. Patacas, legumes, verduras..., o mellor de Carballo envolto na confianza dos produtos cultivados polas e polos pequenos produtores da comarca.



MERCA DO BO

Nas modernas instalacións do mercado, adaptadas aos últimos estándares de hixiene e calidade, atoparemos o máis saboroso do mar da Costa da Morte e das terras de Bergantiños: as nosas carnes, os nosos mariscos, os nosos peixes... e, como non, o máis coñecido dos nosos produtos, o pan.



CARBALLO EVENTOS E CONGRESOS

PUNTO DE FORMACIÓN
E ENCONTRO



Carballo é o destino perfecto para congresos e actividades empresariais, culturais e formativas. Conta para iso con dous equipamentos modernos e amplos. O Pazo da Cultura, á beira do Anllóns, é o corazón social e cultural do concello. O Fórum, o noso pulmón para a promoción e a formación empresarial.

PAZO DA CULTURA


O Pazo da Cultura está situado á beira do parque do río Anllóns, preto do centro da vila e da estación de autobuses.

Sede do Conservatorio e da Escola de Idiomas, e con salas de lectura, televisión e para a terceira idade, esta completa infraestrutura cultural cobra vida día a día cunha animada vida social e cultural.

FORUM

Edificio moderno e funcional que dispón de multitude de espazos interiores e exteriores para uso feiral e de eventos. Son en total 11.000 metros cadrados, dos cales 6.000 están edificadas e constitúen un conxunto amplo de cinco edificios, versátiles e multifuncionais, con varios obradoiros de formación orientados a actividades como a carpintaría, a construción e a hostalaría.





Xa dende a época romana, Carballo é vila termal. O noso é o único balneario mineiro medicinal de toda a Costa da Morte. As súas augas emerxen a unha temperatura de 42 graos centígrados e son boas non só para a túa saúde, senón tamén como fonte de relax, como tratamento de beleza, como escusa para mimarte e coidarte.

De mineralización débil, e composición sulfurado sódica e bicorbanatada, as augas de Carballo recoméndanse para enfermidades reumáticas, para afeccións dermatolóxicas, para problemas respiratorios, do aparato dixestivo, e dos sistema nervioso e circulatorio. Son, así mesmo, un excelente tratamento hidratante e nutritivo para a pel.

Reláxate e cóidate no noso balneario, na súa piscina e nas súas bañeiras e duchas de augas termais. Coñece os seus tratamentos de beleza, como os envoltamentos en algas, lodos ou chocolate, as masaxes e coidados faciais, ou os produtos cosméticos feitos coas propias augas medicinais que nacen no noso subsolo.



CARBALLO AS SÚAS AUGAS

MÍMATE, CÓIDATE,
RELÁXATE



CARBALLO GASTRÓNOMICO

Á BOCA A TERRA
E O MAR



SABOREA A TRADICIÓN

A tradición cómese en Carballo. Proba o bo facer do noso pan, un dos máis afamados de Galicia. Das mans dos nosos panadeiros e das nosas panadeiras saen gorentosas larpeiradas e doces, como o biscoito ou o pan de ovo, que che recordará o roscón de reis.

GOZA DO AUTÉNTICO

Os nosos pratos non requiren dunha grande elaboración: o sabor está asegurado pola autenticidade dos ingredientes. Poderás atopalos nos nosos mellores restaurantes e locais.

O MELLOR CALDO

Proba as nosas patacas e fai con elas o mellor caldo. Sorprenderaste coa pataca fina de Carballo. Poida que aínda non a coñezas, porque a súa semente está na actualidade en proceso de recuperación. Mais se a probas, repetirás. De pelica salpicada de ollos e firme ao cocer, é unha aposta segura para cocinñar con éxito os nosos pratos tradicionais. Nas nosas leiras, danse as fabas que logo se comercializan como asturianas e que poderás atopar no noso mercado municipal. Coas nosas carnes, coas patacas e cos grelos e repolos das hortas bergantiñas poderás cocinñar un consistente pucheiro con sabor a gloria. Ten por seguro que acertarás.





CARBALLO DE MARCHA

MOVIDA E OCIO

NOITES DE MOVIDA

A nosa vila é un importante foco de atracción da movida do venres noite. Mozas e mozos de toda a Costa da Morte, da área metropolitana da Coruña e mesmo doutros puntos de Galicia achéganse á capital bergantiñá.


DE PINCHOS E TERRAZAS

Carballo conta cun amplo abano de cafetarías, cervexarías, restaurantes e outros locais onde picar, falar de vagar e repoñer forzas. Co bo tempo, as terrazas toman a rúa. Ha de prestarche facer un descanso nunha das terraciñas do


centro mentres observas o animado ir e vir da xente na que é unha das súas zonas comerciais máis concorridas da vila.

AMBIENTES DIVERSOS

Para distintas idades, gustos musicais e formas de saír. En Carballo hai un sitio para cadaquén. Son numerosas as cervexarías e locais onde podes tomar algo ao comezo da noite, que has de continuar na zona de marcha por excelencia, a rúa da Estrela, ou nos pubs que poderás atopar noutros puntos da vila. Concertos ao vivo e programación cultural complementan a oferta dos locais ao longo do ano.









1

2

3

4

AG-55

AC-114

CP-1902

PRAIAS DE RAZO
OZA

CP-1901

SÍSAMO

AG-55

AG-552

BÉRTIDA

PARQUE MUNICIPAL (MOTOR)

CIRCUITO MUNICIPAL (MOTOR)

MARISMA DE BALDAIO

7º LABRADORIA

A CORUNA

AG-55

AG-552

BÉRTIDA

PARQUE MUNICIPAL (MOTOR)

CIRCUITO MUNICIPAL (MOTOR)

MARISMA DE BALDAIO

7º LABRADORIA

A CORUNA

AG-55

AG-552

BÉRTIDA

PARQUE MUNICIPAL (MOTOR)

CIRCUITO MUNICIPAL (MOTOR)

MARISMA DE BALDAIO

7º LABRADORIA

A CORUNA

AG-55

AG-552

BÉRTIDA

PARQUE MUNICIPAL (MOTOR)

CIRCUITO MUNICIPAL (MOTOR)

MARISMA DE BALDAIO

7º LABRADORIA

A CORUNA

AG-55

AG-552

BÉRTIDA

PARQUE MUNICIPAL (MOTOR)

CIRCUITO MUNICIPAL (MOTOR)

MARISMA DE BALDAIO

7º LABRADORIA

A CORUNA

AG-55

AG-552

BÉRTIDA

PARQUE MUNICIPAL (MOTOR)

CIRCUITO MUNICIPAL (MOTOR)

MARISMA DE BALDAIO

7º LABRADORIA

A CORUNA



3º Idade

Centro da terceira idade	D1
Centro de día	D2
Residencia da terceira idade Abrente	A2-A3

Cultura

Biblioteca Municipal	C4
Biblioteca	C3
Casa da Xuventude	C3
Cines	C3
Conservatorio Profesional de Música	B4
Escola Oficial de Idiomas	B4
Ludoteca	C3
Museo de Bergantiños	C4
Pazo da Cultura	B4

Deporte

Pavillón e piscina municipal	D2
Pavillón e piscina Zona Bergantiños	B2

Emerxencias

Garda Civil	D2
Centro de Saúde	D1
Policía Local	C3
Protección Civil	D1

Ensino

Aspaber	A Brea
CEIP A Cristina	B4
CEIP Artai	Estrada Razo
CEIP Bergantiños	B2
CEIP Fogar	D2
CEIP Xesús San Luís Romero	C5-D5
Escola Infantil A Braña	C1
Escola Infantil As Landras	C1-C2
Fórum	C5

IES Alfredo Brañas	D2
IES Isidro Parga Pondal	C1
IES Monte Neme	A3-A4

Igrexas

Capela da Milagrosa	D5
Capela das Monxas	D2
Igrexa de San Cristovo	A3
Igrexa Parroquial de San Xoán Bautista	C4

Institucións públicas

CAISS	C3
Casa do Concello	C3
Consellería de Medio Rural	C4
Axencia Tributaria	D1
IN Seguridade Social	C4
INEM	C3
OMI Consumidor	C3
Recadación Municipal	C3
Rexistro da Propiedade	C3
Servizos Sociais	D1
Xulgados	C5

Mercados

Centro Comercial	C2
Centro Comercial Aberto	Casco urbano
Mercado da Milagrosa	C5
Mercado de Abastos	C3
Praza de Abastos	C3

Prazas e parques

Bosque do Anión	E4
Parque da Milagrosa	C5-D5
Parque do Anllóns	B4-C4
Parque do Chorís	D2
Parque do San Martiño	C4-D4

Parque Rego da Balsa	C2-C3
Praza da Concordia	C5
Praza da Cruz Vermella	B3-B4
Praza da Milagrosa	D5
Parque das Camelias	B2
Praza de Alfredo Brañas	C2
Praza de Galicia	C3
Praza de San Cristovo	A3
Praza de Vigo	D1-D2
Praza do Concello	C3
Praza do Hospital	B3
Praza do Médico Mariño	D1
Praza dos Bombeiros Voluntarios	C5

Saúde

Balneario	C3
Centro de Saúde	D1
Unidade Asistencial de Drogodependencias	D1

Varios

Aparcaoiros	C2/C3/C4
Cemiterio	E5
Correos	C4
Estación de Autobuses	B4
Obras e Servizos	B3
Tanatorios	B4/B5

Panadarías

Milagrosa	C3 / C5
Celja	C3
Forno de leña Alfonso Mirón, BÉRTOA	Flor De Toxo A3
Forno de leña Andrade ARDAÑA	Luis Rama Rodo, OZA
Manolo D2	Razo RAZO
Mª Josefa Puga D4	Nuria Mercado C3
Ana Mesejo Mercado C3 / D4	Forno Novo C3
Lita C4 / A BREA	Trivium C4 / D3 / D2
	O Barrendeiro B3
	O Forno de Baris RUS



CONCELLO DE CARBALLO
Praza do Concello, s/n
CP 15100 - Carballo
T: 981 704 100
F: 981 702 858